CA3.7 Instaláronse os elementos de seguridade.	• OU.2 - Resolucion da programacion dun suposto practico	S	15
CA3.8 Combináronse aplicacións relativas aos contornos de automatización industrial programada.	• OU.3 - Resolucion da programacion dun suposto practico	S	15



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.9 Respectáronse as normas de seguridade e de compatibilidade electromagnética.	TO.6 - Ficha de control	S	10
TOTAL			100

4.9.e) Contidos

Contidos
Instalación de autómatas programables e de PC industriais. Precaucións. Normas de seguridade e de compatibilidade electromagnética. Axuste de elementos e sistemas, de programacións e de módulos de E/S, etc. Selección de equipamentos e materiais. Instalación de aplicacións automatizadas baseadas en tecnoloxía programada. Aplicacións e áreas de aplicación: domótica e inmótica, control de motores, de accesos, de iluminación, de seguridade e de climatización, etc. Comunicacións entre equipamentos. Tipos e implementación de tecnoloxías das instalacións domóticas e inmóticas. Montaxe de sensores e receptores asociados a automatismos programables industriais. Instalacións automatizadas con autómatas programables: procedementos de montaxe e supervisión. Instalacións automatizadas con PC industriais: procedementos de montaxe e supervisión. Procesos e procedementos de conexión, axuste, programación, montaxe, supervisión e verificación de funcionamento do sistema.



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Planificación da instalación - -Elaboración do caderno de cargas. -Plan de montaxe da instalación, PLC e do cadro eléctrico.	- Instrucións sobre a preparación do cadro e placa de montaxe. Selección do equipamento necesario. - Elaboración do plan de montaxe coas respectivas fases de montaxe e documental.	- Recoñecemento dos elementos que van intervir na montaxe. - Realización do plan de montaxe, atendendo as directrices do mestre.	-Elaboración do caderno de cargas. -Plan de montaxe da instalación, PLC e do cadro eléctrico.	- Cadros eléctricos e placas de montaxe. - Autómatas programables modulares	- TO.1 - Ficha de control - TO.2 - Ficha de control - TO.4 - Ficha de control	5,0
Montaxe e instalación - - Capacidade para elaboración da documentación, distribución de elementos en cadro, cableado e marcado da instalación automatizada co PLC	- Execución das fases de montaxe: Distribución e Colocación de elementos no cadro. - Configuración e instalación dos componentes do PLC: F. A., CPU, Módulos de E/S, - Cableado do PLC, módulos de E/S, sensores e actuadores. . Cableado dos dispositivos de mando e protección. Regreteros de entrada e de saída.	- Acopio da documentación da instalación e proceder á súa execución práctica. - Interpretación de esquemas e planos.	- Capacidade para elaboración da documentación, distribución de elementos en cadro, cableado e marcado da instalación automatizada co PLC.	- Cadros eléctricos e placas de montaxe. - Autómatas programables modulares -Dispositivos de mando e protección -Detectores e sensores variados. -Relés e contactores. - Receptores e motores eléctricos. - Cable e material de instalación etc.	- OU.1 - Resolución da programación dun suposto práctico - OU.2 - Resolución da programación dun suposto práctico - OU.3 - Resolución da programación dun suposto práctico - TO.3 - Ficha de control - TO.5 - Ficha de control - TO.6 - Ficha de control	22,0
TOTAL						27,0

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Disfuncións e avarias en instalacións eléctricas industriais programadas.	5



4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Diagnostica avarías en instalacións automáticas a nivel industrial baseadas en tecnoloxía programada, para o que localiza a disfunción e identifica as súas causas, aplicando protocolos de actuación.	SI

4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 -Establecer un protocolo de actuación na determinación de avarías nas instalacións -Provocar disfuncións na instalación para a súa corrección -Elaborar un listado coas anomalías máis habituais	1	Diagnose de avarías en instalacións industriais	2,0
2.1 -Determinar o procedemento axeitado para efectuar as reparacións en función dos síntomas - Respetar as recomendacións en canto ás manobras en BT . Cinco Eses 5 S -Habituar ao manexo dos instrumentos de medid	2	Técnicas de detección e reparación	3,0
TOTAL			5

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícanse os puntos críticos dunha instalación automática industrial.	• TO.1 - Ficha de control	S	20
CA4.2 Propuxéronse posibles causas de avaría.	• TO.2 - Ficha de control	S	20
CA4.3 Definiuse un protocolo de actuación para a localización e a solución de avarías.	• TO.3 - Ficha de control	S	20
CA4.4 Realizáronse as medidas oportunas para localizar a avaría.	• TO.4 - Ficha de control	S	20
CA4.5 Propuxéronse axustes e outros puntos de mellora para que non volva producirse a avaría.	• TO.5 - Ficha de control	S	10
CA4.6 Elaborouse rexistros de avarías.	• TO.6 - Ficha de control	S	10
TOTAL			100



4.10.e) Contidos

Contidos
Puntos críticos das instalacións.
Diagnóstico e localización de avarías.
Técnicas de axuste e reparación de avarías en sistemas automáticos: de elementos de protección, de elementos programables e de elementos de E/S.
Rexistros de avarías. Histórico de avarías.

4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Diagnose de avarías en instalacións industriais - -Guía práctica de intervención para a diagnose e reparación e verificación de avarías. - Soltura no manexo de instrumentos de medida e na ubicación dos puntos críticos da instalación.	• Explicación dos tipos de mantemento predictivo, preventivo e correctivo. • Protocolo de actuación na determinación de avarías. • Simulación de avarías en instalacións feitas, e crara disfuncións no entrenador para a súa corrección.	• Interpretación dos tipos de mantemento aplicables ás instalacións equipos. • Desenvolverse unha guía de intervención fronte as avarías, indicando o procedemento de actuación, medición e comprobación. • Intervención individual na diagnose e reparación dunha avaría	• -Guía práctica de intervención para a diagnose e reparación e verificación de avarías. - Soltura no manexo de instrumentos de medida e na ubicación dos puntos críticos da instalación.	• -Información técnica da actividade. - Simulador de automatismos eléctricos. -Aparamente de medida: Polímetros, pinzas amperimétricas, medidores de aillamento, telurómetros, etc..	• TO.1 - Ficha de control • TO.2 - Ficha de control • TO.3 - Ficha de control	2,0
Técnicas de detección e reparación - -Método de operación na diagnose e reparación de avarías. -Conciencia da perigosidade de traballos en instalacións con tensión	• Protocolo de actuación na reparación de avarías. • Procedemento para a realización das medicións e comprobacións. • Recomendación das normas de traballo en BT, regra das 5 S, en traballos con tensión e sen tensión.	• Aplicación do protocolo de actuación na resolución de avarías. • Realizarán a resolución dunha avaría provocada respectando as recomendacións da normativa.	• -Método de operación na diagnose e reparación de avarías. -Conciencia da perigosidade de traballos en instalacións con tensión	• -Información técnica da actividade. - Simulador de automatismos eléctricos. -Aparamente de medida: Polímetros, pinzas amperimétricas, medidores de aillamento, telurómetros, etc..	• TO.4 - Ficha de control • TO.5 - Ficha de control • TO.6 - Ficha de control	3,0
TOTAL						5,0



4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Mantementos predictivo, preventivo e correctivo de instalación programada	5

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o mantemento predictivo, preventivo e correctivo de instalacións automáticas a nivel industrial baseadas en tecnoloxía programada, aplicando o plan de mantemento e a normativa relacionada.	SI

4.11.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 -Interpretar os plans de mantemento -Elaborar manuais de mantemento segundo a normativa relacio	1	Plan de mantemento de instalacións e cadros eléctricos	3,0
2.1 Confeccionar follas de rexistro de actuacións en materia de mantemento -Elaborar histórico coas actuacións máis realiza	2	Rexistro de actuacións de mantemento	2,0
TOTAL			5

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Identifícanse as operacións de mantemento predictivo, preventivo e correctivo da instalación.	• TO.1 - Ficha de controlf	S	10
CA5.2 Planificouse o mantemento preventivo.	• TO.2 - Ficha de control	S	10
CA5.3 Elaborouse o procedemento de actuación para cada tipo de sistema.	• TO.3 - Ficha de control	S	15
CA5.4 Establecéronse os parámetros básicos que cumpra comprobar na instalación.	• TO.4 - Ficha de control	S	15
CA5.5 Determináronse os elementos máis usuais susceptibles de ser intervidos.	• TO.5 - Ficha de control	S	15
CA5.6 Substituíronse elementos das instalacións automáticas.	• TO.6 - Ficha de control	S	15



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.7 Programáronse e axustáronse elementos e equipamentos.	• TO.7 - Ficha de control	S	10
CA5.8 Elaboráronse documentos de rexistro das operacións de mantemento.	• TO.8 - f	S	10
TOTAL			100

4.11.e) Contidos

Contidos
Operacións de mantemento predictivo, preventivo e correctivo nos sistemas automáticos industriais. Puntos críticos. Mantemento de sistemas en instalacións automáticas industriais. Procedementos de actuación no mantemento de instalacións automáticas: precaucións. Software de visualización, control e verificación de parámetros: sistemas de telecontrol. Parámetros básicos de comprobación nas instalacións automáticas industriais.

4.11.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Plan de mantemento de instalacións e cadros eléctricos - -Arquivo coa información dos tipos de mantemento e as operacións de mantemento industrial.	• Explicación dos tipos de mantemento predictivo, preventivo e correctivo. • Planificación das operacións de mantemento en instalacións industriais	• Deberá interpretar o contido dos plans de manetemento industrial. • Planificar unhas operacións de mantemento dunha suposta instalación e executalas.	• Arquivo coa información dos tipos de mantemento e as operacións de mantemento industrial.	• Audiovisuais - Información técnica da actividade	• TO.1 - Ficha de controlf • TO.2 - Ficha de control • TO.3 - Ficha de control • TO.4 - Ficha de control	3,0



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					- TO.5 - Ficha de control - TO.6 - Ficha de control - TO.7 - Fjcha de control	
Rexistro de actuacións de mantemento - - Confección dun rexistro para as actividades de mantemento industrial.	Explicación de cómo elaborar un arquivo para facer un rexistro das operacións de mantemento aplicado a instalacións industriais	Elaboración un rexistro de operacións de mantemento	- Confección dun rexistro para as actividades de mantemento industrial.	Audiovisuais - Información técnica da actividade	- TO.7 - Fjcha de control - TO.8 - f	2,0
TOTAL						5,0

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Riscos laborais, seguridade e protección medioambiental	5

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.12.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 -Interpretar a normativa sobre prevención de riscos laboarais específica -identificar a causística máis frecuente de accidentes laborais -Determinar as medidas adecuadas de prevención en instalacións e equipos eléctricos -Identificar os EPIs e as sú aplicacións	1	Prevención de riscos laborais.	2,0
2.1 -Recoñecer os dispositivos de protección eléctrica -Identificar as anomalías eléctricas e os elementos de protección axeitados -Identificar as medidas de protección contra contactos eléctricos -Aplicar as recomendacións sobre as manobras en instalacións e cadros eléctricos -Analizar a relevancia das	2	Seguridade en instalacións eléctrica	2,0



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
sinalizacións			
3.1 -Manter a orde e limpeza no posto de traballo -Manter en perfecto estado a ferramenta e instrumentación -Concienciar sobre a importancia dunha recolleita selectiva de residuos, sólidos e líquidos	3	Medidas de protección ambiental	1,0
TOTAL			5

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios, as máquinas e os medios de transporte.	• TO.1 - Ficha de control	S	10
CA6.2 Operouse con máquinas e ferramentas respectando as normas de seguridade.	• TO.2 - Ficha de control	S	10
CA6.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.	• TO.3 - Ficha de control	S	15
CA6.4 Recoñécense os elementos de seguridade (proteccións, alarmas e paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual e colectiva (calzado, protección ocular e indumentaria, etc.) que haxa que <u>empregar nas operacións de montaxe e mantemento</u>	• TO.4 - Ficha de control	S	15
CA6.5 Identifícase o uso correcto dos elementos de seguridade e dos equipamentos de protección individual e colectiva.	• TO.5 - Ficha de control	S	10
CA6.6 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.	• TO.6 - Ficha de control	S	10
CA6.7 Identifícanse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.	• TO.7 - Fjcha de control	S	10
CA6.8 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.	• TO.8 - Ficha de control	S	10
CA6.9 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.	• TO.9 - Ficha de control	S	10
TOTAL			100



4.12.e) Contidos

Contidos
Normativa de prevención de riscos laborais relativa ao mantemento de instalacións automáticas industriais. Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento. Normas de seguridade no emprego de máquinas e ferramentas. Identificación das causas máis frecuentes de accidentes laborais nas instalacións. Factores e situacións de risco. Determinación das medidas de prevención de riscos laborais. Medios e equipamentos de protección individual e colectiva: características e criterios de utilización. Normativa de xestión de residuos, de prevención de riscos laborais e de protección ambiental. Orde e limpeza como elemento fundamental da seguridade no traballo.

4.12.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Prevención de riscos laborais. - -Antes de acometer un traballo na manipulación de máquinas , ferramentas de corte, etc., Identificar os riscos e os niveis de perigosidade. - Uso obrigado dos EPIs en calquer situación	- Exposición da normativa sobre prevención de riscos laborais. Exposición das Obrigas a que está sometidos o empresario e o traballador. - Exposición dos EPIs relacionados cos traballos do sector eléctrico.	- O alumnado deberá interpretar a normativa sobre prevención de riscos laborais no sector eléctrico. - Recoñecemento dos EPIs en traballos de eléctricos.	-Antes de acometer un traballo na manipulación de máquinas , ferramentas de corte, etc., Identificación dos riscos e os niveis de perigosidade. - Uso obrigado dos EPIs en calquer situación.	- Audiovisuais - Información técnica da actividade - EPIs dispoñible	- TO.1 - Ficha de control - TO.3 - Ficha de control	2,0
Seguridade en instalacións eléctrica - - Ter como referente o contido das cinco regras de ouro á hora de realizar algún traballo en instalacións eléctricas.	Exposición sobre as medidas de seguridade nas instalacións eléctricas.	Debate sobre as recomendacións das cinco regras de ouro	concienciación das cinco regras de ouro á hora de realizar algún traballo en instalacións eléctricas.	- Audiovisuais - Información técnica da actividade	- TO.2 - Ficha de control - TO.4 - Ficha de control	2,0



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	- A prevención como factor máis relevante contra os riscos de orixe eléctrico. - Exposición sobre as cinco regras de ouro.	Ante un suposto práctico dunha instalación eléctrica, implementar as medidas de protección e seguridade de orixe eléctrico.			- TO.5 - Ficha de control - TO.6 - Ficha de control - TO.9 - Ficha de control	
Medidas de protección ambiental - - Todas as actuacións que fagamos no desenvolvemento da nosa actividade persoal e profesional deben ir sempre acompañadas dunhas condutas dirixidas á protección do noso medio ambiente	- Exposición sobre a importancia do respecto ao medio ambiente, e a nosa aportación. - Concienciación da importancia dunha recolleita selectiva de residuos, sólidos e líquidos. - Concienciación da importancia de manter a orde e limpeza no posto de traballo, así como o bo estado da ferramenta e instrumentación.	- Tomar conciencia da necesidade de emparellar as nosas actividades cotiás con medidas de protección ao noso medio. - Terá que habituarse á realización das súas tarefas na aula-taller, mantendo sempre a orde e limpeza do posto de traballo e a recolleita selectiva de residuos	- Todas as actuacións que fagamos no desenvolvemento da nosa actividade persoal e profesional deben ir sempre acompañadas dunhas condutas dirixidas á protección do noso medio ambiente .	- Audiovisuais - Información técnica da actividade	- TO.7 - Fjcha de control - TO.8 - Ficha de control - TO.9 - Ficha de control	1,0
TOTAL						5,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación do módulo é continua, teranse en conta as seguintes consideracións, para acadar unha valoración positiva en cada unha das avaliacións:

Realización correcta de todas as prácticas propostas, seguindo o enunciado das mesmas e as indicacións do profesor.

Entrega, con cada práctica, dunha memoria descriptiva, seguindo un modelo estándar entregado polo profesor.

Realización correcta e razonada de cuestións, exercicios, tarefas propostas e prácticas de simulación de circuitos e montaxes con programas informáticos.

Implementación das consideracións de seguridade, limpeza e orde no traballo diario.

A nota de cada avaliación é calculada pola porcentaxe indicada para cada instrumento. A nota será numérica, entre 1 e 10 puntos. O método de cálculo da nota consistirá na ponderación de tres partes coas



seguintes porcentaxes:

Realización de todas as prácticas: 25%.

Realización de todas as memorias: 15%.

Realización de cuestións, exercicios, tarefas (aula virtual) : 10%

Exame final de trimestre, composto de teoría e práctica: 50% A nota mínima necesaria nesta proba será de 4.5 puntos para poder facer media co resto dos instrumentos.

Para superar cada unha das avaliacións parciais, esta nota terá que ser igual ou superior a 5 puntos.

Os alumnos que non superen as probas trimestrais, realizarán un plan de recuperación, acorde coas parte/s, pendentes de recuperar. Para acadar un aprobado final do módulo, é necesario ter superadas todas as partes.

A nota final do módulo será a media das cualificacións obtidas en cada avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O obxectivo principal deste Plan de Recuperación é que o alumno sexa capaz de desenvolver as capacidades elementais que se requiren a este módulo para acadar avaliación positiva, tendo como marco os criterios de avaliación mínimos marcados mínimos, ben sexa no período ordinario ou, en último caso, no extraordinario.

1.1.- Actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado.

O alumno/a que necesite recuperar algunha das unidades didácticas, terá oportunidade de facelo o longo do curso, mediante probas escritas, exercicios prácticos ou traballos e software con simulación

dependendo da Unidade que se trate, que permitan avaliar os criterios de avaliación de cada unidade didáctica as destrezas de cada unidade de traballo, sempre que non perderan o dereito a avaliación continua.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Perda do dereito a avaliación continua: Segundo o recoiliado na Orde do 12 de xullo de 2011, considérase que un alumno perde o dereito a avaliación continua no caso de acumular faltas de asistencias ,xustificadas ou inxustificadas igual ou superior a un 10% do total das horas lectivas. Neste caso avaliaráselle mediante unha proba teórica-práctica nas avaliacións ordinaria e extraordinaria

O alumno será apercibido cando alcance faltas de asistencia igual a un 6% das horas lectivas do módulo en cuestión. Se alcanza un 10% seralle comunicada a perda de dereito á avaliación continua, e nese caso deberá presentarse a convocatoria de xuño a un exame de recuperación con contidos de todos os bloques temáticos do módulo, independentemente de que non momento dá perda da avaliación tivera algunha parte aprobada.

Ademais deberá presentar unha serie de actividades convenientemente comunicadas po o profesor que determinarán a cualificación final do módulo en convocatoria ordinaria. Atendendo a situación excepcionais po as que ou alumno perderá a avaliación continua se lle podería eximir dás partes que tivera aprobadas antes dá perda dá avaliación continua.

Preténdese facer unha distinción clara da perda de avaliación continua por non asistencia voluntaria a clases, da perda por unha causa ou circunstancia axena a vontade do alumno.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Analizando de forma persoal e con sentido crítico a marcha do curso, os resultados académicos ¿, comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A función da realización da Avaliación Inicial vai ser a de posibilitar a posta en marcha con criterio, rigor e obxectividade a avaliación continúa e formativa.



Levaráse a cabo nos primeiros días de clase co obxecto de coñecer a situación de partida e as características do Alumno no primeiro momento. Daranos unha idea do nivel inicial e tamén poderá valer para detectar dificultades de aprendizaxe. A fonte de datos a utilizar para a avaliación inicial poden ser:

a.- de tipo documental:

- Informes individualizados dispoñibles da etapa anterior ,
- Experiencia profesional previa
- Outros estudos de carácter regrado, ocupacional ou contínuo

b.- de tipo observacional:

- Seguimento e evolución académica do alumnado nos primeiros días

Como instrumentos de avaliación contaremos con:

- 1.- Controis xenéricos sobre materias curriculares do módulo
- 2.- Valoración observacional e visual do alumn@ e das actividades realizadas

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Entendemos o reforzo educativo como o conxunto de medidas individuais ou colectivas deseñadas polo Profesor, dirixidas a axudar ao alumn@ que nun momento do proceso educativo presenta algunha dificultade para acadar os obxectivos propostos, non asociadas a discapacidade.

Normalmente dirixiranse a alumnos/as con retraso curricular ou ben a alumno/as con dificultades leves na adquisición dalgúns aprendizaxes básicos.

Estas actividades están prevista realízalas dentro e fóra do horario lectivo dependendo da dispoñibilidade do alumnado, anque preferentemente faránse fóra do horario, sendo totalmente voluntario.

Estas medidas de apoio e reforzo constitúen unha medida ordinaria de carácter transitorio que non van supoñer ningunha alteración no currículo, polo que unha vez concluídas seguiráse co proceso marcado inicialmente.

Algunhas medidas , tomadas de cursos anteriores, son:

- Manipulación de aparellos de medida .
- Resolución de esquemas eléctricos, diagramas de contactos, nemónicos,
- Manexo de software de programación de PLCs e equipos domóticos .



- Elaboración da documentación para un proxecto domótico.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Aínda que este módulo é puramente profesional, non se vai deixar de lado o inculcar ós alumnos/as a idea de que, pese a vivir nun mundo fortemente competitivo, hai algúns valores que é preciso reforzar, como o respecto ó medioambiente , as medidas de reeducación de actividades relacionadas coa saúde, tanto físicas como mentais,etc.

A constitución de pequenos grupos de traballo tenderán a conseguir este propósito, compaxinando as actividades profesionais coas medioambientais e da saúde.

Normas de seguridade e hixiene; normas de convivencia; compañerismo; solidariedade; integración de discapacitados; igualdade de xénero; alcoholismo, tabaquismo, sida; educación vial, son temas que se poderán facer referencia ó longo do curso , co obxecto de contrubuir se é posible, á formación do profesional e da persoa.

O talante co que se deben enfocar os contidos transversais debe ser integrador; é dicir, non deben ser entendidos como ¿añadiduras¿ ó currículo¿ nin como ¿materias illadas¿ que supoñan a elaboración de novos contidos; moi ó contrario, deben servir como vías que abran camiño e permitan dirixir e enfocar os coñecementos do modo máis completo e eficaz.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Este tema adquire unha gran relevancia, xa que as causas principais do deterioro medioambiental están asociadas,

dalgunha maneira, ó desenvolvemento tecnolóxico, é en consecuencia, ó desenvolvemento ambiental.

O desenvolvemento das unidades didácticas debe contribuír a crear unha conciencia cidadá na que prevaleza a necesidade de preservar os medios naturais e medioambientais así como a racionalización do uso da enerxía e os recursos, de tal modo que poda existir un equilibrio no que se poda afirmar que progreso non é sinónimo de destrución do medio ambiente.

Ademais, debe concienciarse ó alumno de que gaste só o papel necesario e ensinalles onde poden depositar os residuos perigosos para o medio ambiente.



EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

Dado que unha parte dos produtos que consumimos orixínanse nos estereotipos ou valores dados pola sociedade de consumo, debemos comunicar ou ensinar que non sempre son necesarios nin son os mellores, que a hora de mercar temos que facelo dende un punto de vista crítico, sopesando a necesidade, o custo e as características reais deses produtos.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Nas diferentes unidades didácticas, aparecen referencias sobre as normas de seguridade e hixiene no traballo, así como as precaucións necesarias no emprego de determinadas ferramentas e máquinas..

EDUCACIÓN NON SEXISTA

A discriminación ou adxudicación de tarefas no traballo, por razóns de sexo, segue sendo un feito real en determinados sectores da sociedade. Desde este departamento temos unha boa ocasión para concienciar ó alumnado sobre a igualdade de oportunidade entre rapaces e rapazas.

EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

O desenvolvemento do respecto polas normas de convivencia e participación cidadá aplícase en numerosas actividades onde se require un consenso de grupo para tomar unha serie de decisións ou para realizar unha determinada tarefa. Debe potenciarse neles a aceptación e o respecto de opinións distintas ás propias..

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares non adoitan ser específicas para este módulo, xa que adoitan adaptarse ás viaxes organizadas polo Departamento Eléctrico, aínda que nalgún caso se poden realizar algúns desprazamentos particulares como no caso de visitas a obras onde se estean a realizar instalacións con automatismos industriais